

No 17 de Agosto, cabodano de Alexandre Bóveda Mini e Mero recibiron o VI premio “Día da Galiza Mártir”



Os mártires sempre deixan semente de triunfo, sabíano as primeiras comunidades cristiás, e por iso honraban aos seus mártires, e sábeno os colectivos de tódolos tempos. Por iso, o nacionalismo galego reivindica, como moita razón, aos seus. Bóveda é un símbolo vivo da xenerosidade dos bos galegos. Non foi o único, como se recorda cada ano, pero é o máis simbólico; e os símbolos son os que moven á xente. Pero o que tristemente esquece a Igrexa deste país, é que Bóveda, ademais de galeguista era cristián confeso. Cada ano, no Día da Galiza mártir, hai homenaxes vocais e florais, políticos e relixiosos en lembranza de Alexandre Bóveda; non falla a verba política nin a pregaría no cemiterio onde está enterrado.

Este ano tiveron a grata circunstancia de participar nese día de celebración no 17 de agosto. A xornada empezou a caída da mañá en A Caeira (Poio), preto de onde foi vilmente asasinado; este ano os alcaldes de Pontevedra (Miguel Fernández Lores), Poio (Luciano Sobral) e a alcaldesa en funcións de Ourense (Isabel

Pérez), a cidade onde o que fora secretario do PG, reivindicaron a actualidade de Bóveda e a súa herdanza na defensa do país neste tempo de crise; logo faláron Amalia, filla máis nova de Alexandre Bóveda, que naceu despois da súa morte. E rematou na serán, no panteón familiar do cemiterio de San Amaro, pasando pola capela do mesmo camposanto, cunha misa aínda excepcionalmente en galego -para vergoña desta Igrexa- e unhas verbas doutro fillo de Alexandre Bóveda, Xose Lois; xunto co discurso dos premiados, Mini e Mero.

Porque entre o acto de A Caeira e o de San Amaro está, desde hai uns anos, o xantar de homenaxe organizado pola Fundación Alexandre Bóveda, e a entrega do premio “Día da Galiza mártir” a persoeiros salientables polo seu compromiso con esta memoria. Este ano, o premio foille entregado aos noso amigos benqueridos Mini e Mero, polo seu labor de recuperación e difusión da nosa memoria histórica.

Santo Alexandre Bóveda, ora pro nobis!